

MISIÓN TECNOLÓGICA ANUGA FOODTEC 2024

19-22 de marzo de 2024



ONE FOR ALL.
ALL IN ONE.

Misión tecnológica a Anuga FoodTec



19-22 de marzo de 2024



Koelnmesse, Colonia, Alemaña



www.anugafoodtec.com

Que é Anuga FoodTec

Anuga FoodTec é a feira líder de tecnoloxía da industria dos alimentos e bebidas que se celebra cada tres anos en Colonia, Alemaña. Esta feira é a única feira comercial no mundo que cobre todo o espectro da produción de alimentos, polo que Anuga FoodTec é a plataforma líder de información e aprovisionamento.

En Anuga FoodTec, os visitantes poderán coñecer as innovacións e visións tecnolóxicas presentes, nos diferentes segmentos temáticos abordados pola feira: packaging alimentario, procesado de alimentos, seguridade e analíticas, automatización, dixitalización, medio ambiente e enerxía, ciencia, e intraloxística.

Por que asistir a Anuga FoodTec

- Máis de 1.600 empresas expositoras de todo o mundo, sendo o 86% delas fabricantes
- Máis de 40.000 visitantes de uns 150 países
- Oportunidade de coñecer solucións para todas as etapas da cadea de produción
- Oportunidade de participar en reunións de matchmaking con outras empresas
- Oportunidade de asistir a presentacións e lanzamentos de tecnoloxías pioneiras e solucións innovadoras

Apoio de Clusaga

O Clúster Alimentario de Galicia (Clusaga) lanza esta convocatoria de manifestación de interese para coñecer que empresas asociadas están interesadas en participar como expositoras ou como asistentes á feira.

En función do número de empresas interesadas, Clusaga, en colaboración coa Cámara de Comercio de Santiago de Compostela, quere promover unha misión conxunta para participar en Anuga FoodTec, para que as empresas participantes coñezan de primeira man as novidades e solucións innovadoras presentadas a nivel internacional no ámbito da industria alimentaria.

O apoio de Clusaga para a organización desta misión directa poderá incluír:

- Apoio loxístico (viaxe, aloxamento e entradas).
- Posible apoio aos custos de viaxe e aloxamento, e no seu caso, de stand (suxeitos á tramitación do apoio económico do Igape nos programas Galicia Exporta ou Foexga).
- Facilitar a participación coma expositor para aquelas empresas interesadas.

Máis información de Anuga FoodTec 2024

MANIFESTACIÓN DE INTERESE

Para calquera aclaración ou información adicional, pode contactar con Clusaga no correo electrónico industria@clusaga.org ou no teléfono 881 023 853.

Para manifestar o seu interese en asistir á Feira Anuga FoodTec, responda ao seguinte formulario ata o 30 de novembro de 2023.

[Formulario de manifestación de interese](#)